

*RESOLUCIÓN do 7 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de sistemas electrónicos e automáticos (590125) e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de equipos electrónicos (591202).*

O punto décimo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017, establece a posibilidade de que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convoque procedementos para a elaboración das listas de interinidades e substitucións no caso de que, unha vez realizado chamamento a todas as persoas que constan nas relacións mencionadas no punto segundo do mesmo texto refundido, continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado.

Logo de esgotadas ou a piques de esgotarse as listas correspondentes ao corpo de *profesores de ensino secundario, especialidade de sistemas electrónicos e automáticos (590125) e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de equipos electrónicos (591202)*, procede realizar a convocatoria para establecer o procedemento para a incorporación de novas persoas candidatas ás correspondentes listas de interinidades e substitucións de acordo coas seguintes bases:

#### Primeira. *Obxecto*

Convocar un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de *profesores de ensino secundario, especialidade de sistemas electrónicos e automáticos (590125) e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de equipos electrónicos (591202)*.

#### Segunda. *Requisitos*

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír, na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Posuír algunha das titulacións que se indican a continuación:

- Profesores de ensino secundario:

Especialidade	Titulacións
<i>Sistemas electrónicos e automáticos (590125)</i>	Enxeñería: <ul style="list-style-type: none"><li>• Aeronáutica</li><li>• Automática e electrónica industrial</li><li>• Electrónica</li><li>• Industrial</li></ul>





Especialidade	Titulacións
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Informática</li><li>• Minas</li><li>• Naval e oceánica</li><li>• Telecomunicación</li></ul> <p>Licenciatura:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Física</li><li>• Radioelectrónica naval</li></ul> <p>Grao en:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Arquitectura naval</li><li>• Arquitectura naval e enxeñería de sistemas mariños</li><li>• Arquitectura naval e enxeñería marítima</li><li>• Ciencias e tecnoloxías de telecomunicación</li><li>• Enerxía</li><li>• Enxeñería aeroespacial</li><li>• Enxeñería aeroespacial en aeronavegación</li><li>• Enxeñería aeroespacial en vehículos aeroespaciais</li><li>• Enxeñería da tecnoloxía de minas e enerxía</li><li>• Enxeñería da tecnoloxía mineira</li><li>• Enxeñería das tecnoloxías de telecomunicación</li><li>• Enxeñería de aeronavegación</li><li>• Enxeñería de aeroportos</li><li>• Enxeñería de computadores</li><li>• Enxeñería de deseño industrial</li><li>• Enxeñería de deseño industrial e desenvolvemento de produtos</li><li>• Enxeñería de deseño industrial e desenvolvemento do produto</li><li>• Enxeñería de materiais</li><li>• Enxeñería de recursos enerxéticos e mineiros</li><li>• Enxeñería de recursos mineiros e enerxéticos</li><li>• Enxeñería de recursos minerais e enerxía</li><li>• Enxeñería de sistemas aeroespaciais</li><li>• Enxeñería de sistemas de comunicacións</li><li>• Enxeñería de sistemas de información</li><li>• Enxeñería de sistemas de telecomunicación</li><li>• Enxeñería de sistemas electrónicos</li><li>• Enxeñería de sistemas TIC</li><li>• Enxeñería de tecnoloxía de minas e enerxía</li><li>• Enxeñería de tecnoloxías de telecomunicación</li><li>• Enxeñería de tecnoloxías e servizos de telecomunicación</li><li>• Enxeñería de tecnoloxías específicas de telecomunicación</li><li>• Enxeñería de tecnoloxías industriais</li><li>• Enxeñería de tecnoloxías mineiras</li><li>• Enxeñería do automóbil</li><li>• Enxeñería dos recursos mineiros</li><li>• Enxeñería dos recursos mineiros e enerxéticos</li><li>• Enxeñería dos recursos minerais</li><li>• Enxeñería eléctrica</li><li>• Enxeñería electromecánica</li><li>• Enxeñería electrónica</li></ul>





Especialidade	Titulacións
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Enxeñería electrónica de comunicacións</li><li>• Enxeñería electrónica de telecomunicación</li><li>• Enxeñería electrónica e automática</li><li>• Enxeñería electrónica e automática industrial</li><li>• Enxeñería electrónica industrial</li><li>• Enxeñería electrónica industrial e automática</li><li>• Enxeñería electrónica, robótica e mecatrónica</li><li>• Enxeñería en deseño industrial</li><li>• Enxeñería en deseño industrial e desenvolvemento de produto</li><li>• Enxeñería en deseño industrial e desenvolvemento de produtos</li><li>• Enxeñería en deseño industrial e desenvolvemento do produto</li><li>• Enxeñería en deseño mecánico</li><li>• Enxeñería en ecotecnoloxías en procesos industriais</li><li>• Enxeñería en electrónica e automática industrial</li><li>• Enxeñería en electrónica industrial</li><li>• Enxeñería en electrónica industrial e automática</li><li>• Enxeñería en explotación de minas e recursos enerxéticos</li><li>• Enxeñería en informática</li><li>• Enxeñería en informática de sistemas</li><li>• Enxeñería en organización das tecnoloxías da información e da comunicación</li><li>• Enxeñería en propulsión dos servizos do buque</li><li>• Enxeñería en recursos enerxéticos e mineiros</li><li>• Enxeñería en sistemas aeroespaciais</li><li>• Enxeñería en sistemas audiovisuais</li><li>• Enxeñería en sistemas audiovisuais e multimedia</li><li>• Enxeñería en sistemas de información</li><li>• Enxeñería en sistemas de telecomunicación</li><li>• Enxeñería en sistemas e tecnoloxía naval</li><li>• Enxeñería en sistemas industriais</li><li>• Enxeñería en tecnoloxía de telecomunicación</li><li>• Enxeñería en tecnoloxía industrial</li><li>• Enxeñería en tecnoloxía mineira</li><li>• Enxeñería en tecnoloxía naval</li><li>• Enxeñería en tecnoloxías aeroespaciais</li><li>• Enxeñería en tecnoloxías da información</li><li>• Enxeñería en tecnoloxías da telecomunicación</li><li>• Enxeñería en tecnoloxías e servizos de telecomunicación</li><li>• Enxeñería en tecnoloxías industriais</li><li>• Enxeñería en vehículos aeroespaciais</li><li>• Enxeñería física</li><li>• Enxeñería informática</li><li>• Enxeñería informática de servizos e aplicacións</li><li>• Enxeñería informática de xestión e sistemas de información</li><li>• Enxeñería informática do software</li><li>• Enxeñería informática en computación</li><li>• Enxeñería informática en enxeñería de computadores</li><li>• Enxeñería informática en enxeñería do software</li></ul>





Especialidade	Titulacións
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enxeñería informática en sistemas de información</li> <li>• Enxeñería informática en tecnoloxías da información</li> <li>• Enxeñería informática, enxeñería de computadores</li> <li>• Enxeñería informática, enxeñería do software</li> <li>• Enxeñería informática, tecnoloxías informáticas</li> <li>• Enxeñería mariña</li> <li>• Enxeñería mecánica</li> <li>• Enxeñería mecánica (rama industrial)</li> <li>• Enxeñería mineira</li> <li>• Enxeñería mineira e enerxética</li> <li>• Enxeñería multimedia</li> <li>• Enxeñería náutica e transporte marítimo</li> <li>• Enxeñería naval e oceánica.</li> <li>• Enxeñería radioelectrónica</li> <li>• Enxeñería radioelectrónica naval</li> <li>• Enxeñería técnica industrial</li> <li>• Enxeñería telemática</li> <li>• Física</li> <li>• Informática e servizos</li> <li>• Mariña</li> <li>• Nanociencia e nanotecnoloxía</li> <li>• Náutica e transporte marítimo</li> <li>• Sistemas de información</li> <li>• Tecnoloxías de telecomunicación</li> <li>• Tecnoloxías e servizos de telecomunicación</li> <li>• Tecnoloxías mariñas</li> <li>• Xestión de sistemas de información</li> </ul> <p>Enxeñería técnica:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aeronáutico, especialidade en aeronavegación</li> <li>• Industrial, especialidade en electricidade</li> <li>• Industrial, especialidade en electrónica industrial</li> <li>• Informática de sistemas</li> <li>• Telecomunicación</li> </ul> <p>Diplomatura:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Radioelectrónica naval</li> </ul>
<p><i>Equipos electrónicos</i> (591202)</p>	<p>Enxeñería:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aeronáutica</li> <li>• Automática e electrónica industrial</li> <li>• Electrónica</li> <li>• Industrial</li> <li>• Informática</li> <li>• Minas</li> <li>• Naval e oceánica</li> <li>• Telecomunicación</li> </ul>





Especialidade	Titulacións
	<p>Licenciatura:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Física</li><li>• Radioelectrónica naval</li></ul> <p>Grao en:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Arquitectura naval</li><li>• Arquitectura naval e enxeñería de sistemas mariños</li><li>• Arquitectura naval e enxeñería marítima</li><li>• Ciencias e tecnoloxías de telecomunicación</li><li>• Enxeñería aeroespacial</li><li>• Enxeñería aeroespacial en aeronavegación</li><li>• Enxeñería aeroespacial en vehículos aeroespaciais</li><li>• Enxeñería da enerxía</li><li>• Enxeñería da tecnoloxía de minas e enerxía</li><li>• Enxeñería da tecnoloxía mineira</li><li>• Enxeñería das tecnoloxías de telecomunicación</li><li>• Enxeñería de aeronavegación</li><li>• Enxeñería de aeroportos</li><li>• Enxeñería de computadores</li><li>• Enxeñería de deseño industrial</li><li>• Enxeñería de deseño industrial e desenvolvemento de produtos</li><li>• Enxeñería de deseño industrial e desenvolvemento do produto</li><li>• Enxeñería de materiais</li><li>• Enxeñería de recursos enerxéticos e mineiros</li><li>• Enxeñería de recursos mineiros e enerxéticos</li><li>• Enxeñería de recursos minerais e enerxía</li><li>• Enxeñería de sistemas aeroespaciais</li><li>• Enxeñería de sistemas de comunicacións</li><li>• Enxeñería de sistemas de información</li><li>• Enxeñería de sistemas de telecomunicación</li><li>• Enxeñería de sistemas electrónicos</li><li>• Enxeñería de sistemas TIC</li><li>• Enxeñería de tecnoloxía de minas e enerxía</li><li>• Enxeñería de tecnoloxías de telecomunicación</li><li>• Enxeñería de tecnoloxías e servizos de telecomunicación</li><li>• Enxeñería de tecnoloxías específicas de telecomunicación</li><li>• Enxeñería de tecnoloxías industriais</li><li>• Enxeñería de tecnoloxías mineiras</li><li>• Enxeñería do automóbil</li><li>• Enxeñería dos recursos mineiros</li><li>• Enxeñería dos recursos mineiros e enerxéticos</li><li>• Enxeñería dos recursos minerais</li><li>• Enxeñería eléctrica</li><li>• Enxeñería electromecánica</li><li>• Enxeñería electrónica</li><li>• Enxeñería electrónica de comunicacións</li><li>• Enxeñería electrónica de telecomunicación</li><li>• Enxeñería electrónica e automática</li><li>• Enxeñería electrónica e automática industrial</li></ul>





Especialidade	Titulacións
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Enxeñería electrónica industrial</li><li>• Enxeñería electrónica industrial e automática</li><li>• Enxeñería electrónica, robótica e mecatrónica</li><li>• Enxeñería en desenvolvemento de contidos dixitais</li><li>• Enxeñería en deseño industrial</li><li>• Enxeñería en deseño industrial e desenvolvemento de produto</li><li>• Enxeñería en deseño industrial e desenvolvemento de produtos</li><li>• Enxeñería en deseño industrial e desenvolvemento do produto</li><li>• Enxeñería en deseño mecánico</li><li>• Enxeñería en ecotecnoloxías en procesos industriais</li><li>• Enxeñería en electrónica e automática industrial</li><li>• Enxeñería en electrónica industrial</li><li>• Enxeñería en electrónica industrial e automática</li><li>• Enxeñería en explotación de minas e recursos enerxéticos</li><li>• Enxeñería en informática</li><li>• Enxeñería en informática de sistemas</li><li>• Enxeñería en organización das tecnoloxías da información e da comunicación</li><li>• Enxeñería en propulsión e servizos do buque</li><li>• Enxeñería en recursos enerxéticos e mineiros</li><li>• Enxeñería en sistemas aeroespaciais</li><li>• Enxeñería en sistemas audiovisuais</li><li>• Enxeñería en sistemas audiovisuais e multimedia</li><li>• Enxeñería en sistemas de información</li><li>• Enxeñería en sistemas de telecomunicación</li><li>• Enxeñería en sistemas e tecnoloxía naval</li><li>• Enxeñería en sistemas industriais</li><li>• Enxeñería en son e imaxe en telecomunicación</li><li>• Enxeñería en tecnoloxía de telecomunicación</li><li>• Enxeñería en tecnoloxía industrial</li><li>• Enxeñería en tecnoloxía mineira</li><li>• Enxeñería en tecnoloxía naval</li><li>• Enxeñería en tecnoloxías aeroespaciais</li><li>• Enxeñería en tecnoloxías da información</li><li>• Enxeñería en tecnoloxías da telecomunicación</li><li>• Enxeñería en tecnoloxías e servizos de telecomunicación</li><li>• Enxeñería en tecnoloxías industriais</li><li>• Enxeñería en vehículos aeroespaciais</li><li>• Enxeñería física</li><li>• Enxeñería informática</li><li>• Enxeñería informática de servizos e aplicacións</li><li>• Enxeñería informática de xestión e sistemas de información</li><li>• Enxeñería informática do software</li><li>• Enxeñería informática en computación.</li><li>• Enxeñería informática en enxeñería de computadores</li><li>• Enxeñería informática en enxeñería do software</li><li>• Enxeñería informática en sistemas de información</li><li>• Enxeñería informática en tecnoloxías da información</li></ul>





Especialidade	Titulacións
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enxeñería informática, enxeñería de computadores</li> <li>• Enxeñería informática, enxeñería do software</li> <li>• Enxeñería informática, tecnoloxías informáticas</li> <li>• Enxeñería mariña</li> <li>• Enxeñería marítima</li> <li>• Enxeñería matemática</li> <li>• Enxeñería mecánica</li> <li>• Enxeñería mecatrónica</li> <li>• Enxeñería mineira</li> <li>• Enxeñería mineira e enerxética</li> <li>• Enxeñería multimedia</li> <li>• Enxeñería náutica e transporte marítimo</li> <li>• Enxeñería naval e oceánica</li> <li>• Enxeñería radioelectrónica</li> <li>• Enxeñería radioelectrónica naval</li> <li>• Enxeñería robótica</li> <li>• Enxeñería técnica industrial</li> <li>• Enxeñería telemática</li> <li>• Física</li> <li>• Informática e servizos</li> <li>• Mariña</li> <li>• Nanociencia e nanotecnoloxía</li> <li>• Sistemas de información</li> <li>• Tecnoloxías de telecomunicación</li> <li>• Tecnoloxías e servizos de telecomunicación</li> <li>• Tecnoloxías mariñas</li> <li>• Xestión de sistemas de información</li> </ul> <p>Enxeñería técnica:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aeronáutica, especialidade en aeronavegación</li> <li>• Industrial , especialidade en electricidade; especialidade en electrónica industrial</li> <li>• Informática de sistemas</li> <li>• Telecomunicación</li> </ul> <p>Diplomatura:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Radioelectrónica naval</li> </ul>

*NOTAS: As titulacións indicadas corresponden ao Catálogo de Títulos Universitarios Oficiais e ás sucesivas incorporacións a este. Tamén son equivalentes para os efectos de docencia as titulacións homólogas ás especificadas, segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro).*

*As denominacións das titulacións indicadas nas táboas anteriores corresponden ás diversas denominacións que existen no Estado.*



No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro (BOE do 22 de novembro), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, de 20 de novembro, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (BOE do 20 de novembro).

2. Posuír a formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirá este requisito quen posúa o título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensino secundario obrigatorio e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título, facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.

Estará dispensado da posesión do citado título o persoal aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

- Posuír o título profesional de especialización didáctica, o certificado de aptitude pedagóxica ou o certificado de cualificación pedagóxica.
- Posuír o título de mestre/a, diplomatura en profesorado de educación xeral básica, mestre/a de ensino primario, licenciatura en Pedagogía ou en Psicopedagogía. Así mesmo, tamén estará exento o persoal que estivese cursando algunha das tres anteriores titulacións e tivese cursado 180 créditos destas na citada data do 1 de outubro de 2009.
- Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou discontinuos, en centros públicos ou privados de ensino regrado debidamente autorizados, nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato, ou de formación profesional, ou de escolas oficiais de idiomas, conforme o previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

3. Ter a nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro da Unión Europea, ou atoparse as persoas aspirantes incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; e as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados





membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

4. Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

5. Acreditar o coñecemento da lingua galega. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4), ou da súa validación polo órgano competente; do curso de perfeccionamento en lingua galega ou a súa validación polo órgano competente; o título de licenciatura en filoloxía galego-portuguesa, o certificado do nivel avanzado da escola oficial de idiomas ou o certificado de ter superado o curso de especialización en lingua galega.

### Terceira. *Solicitudes e prazo*

1. As persoas interesadas deberán formular unha solicitude e un aboamento de taxas por cada unha das especialidades nas que desexe inscribirse. Con elas deberán achegar unha copia da documentación xustificativa dos requisitos mínimos previstos na base segunda, e da documentación acreditativa daqueles méritos que aleguen susceptibles de valoración segundo o previsto na base novena. O modelo normalizado de solicitude e o modelo normalizado de baremación de méritos serán os que figuren publicados no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) no apartado de profesorado>xestión de profesorado. Será causa de exclusión non empregar os ditos modelos normalizados.

As persoas aspirantes que teñan recoñecida unha discapacidade de, polo menos, o 33% na data da solicitude deberán achegar unha copia da documentación acreditativa do dito recoñecemento para os efectos da aplicación, de ser o caso, da garantía de chamamentos a persoas con discapacidade prevista no parágrafo segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017.

2. O prazo para formular solicitudes, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, será de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal). No caso de optar pola presentación da solicitude e demais documentación nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada.

### Cuarta. *Importe e pagamento dos dereitos de inscrición nas listas*

(Códigos: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, código 07; Delegación de Servizos Centrais, código 13; Servizo de Secretaría, código 01; taxa denominación, solicitude de inscrición nas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo na administración da Comunidade Autónoma: código 300301).

Os dereitos de inscrición nas listas serán de 17,60 euros.



Estarán exentos do pagamento dos dereitos de inscrición nas listas, logo de xustificación documental:

- a) As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- b) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:

- a) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da convocatoria de probas selectivas nas cales soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

O pagamento da taxa poderá efectuarse por dous medios:

–A través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

–De forma telemática, no portal de Internet da Axencia Tributaria de Galicia (<https://ovt.atriga.gal>).

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pago da mesma. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (cargo en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto.

A non presentación dentro do prazo da xustificación do pagamento das taxas, no que figure, de ser o caso, o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación do xustificante suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

#### Quinta. *Comisión de valoración*

A asignación da puntuación que lles corresponde ás persoas concursantes será realizada por unha comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño).

Poderá asistir ás reunións da comisión unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non universitaria, con voz e sen voto.



#### *Sexta. Relación provisional de persoas admitidas e excluídas, baremo provisional e reclamacións*

A comisión prevista no punto quinto realizará a valoración dos méritos tendo en conta o disposto no anexo I da Orde do Orde do 14 de marzo de 2018 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso a corpos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 21 de marzo).

Logo de realizada a valoración dos méritos, a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditará unha resolución pola que se aprobará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

As persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet. As alegacións así formuladas, unha vez presentadas no rexistro oficial correspondente, deberán adiantarse escaneadas (co selo de rexistro) tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo [persoal.secundaria@edu.xunta.gal](mailto:persoal.secundaria@edu.xunta.gal)

#### *Sétima. Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, baremo definitivo e recursos*

Logo de revisadas as reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditará unha resolución pola que se aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

Contra esta resolución que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no citado portal de Internet, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### *Oitava. Orde de chamamentos*

As persoas candidatas seleccionadas ocuparán na lista da correspondente especialidade un número de orde de chamamentos posterior ao do persoal interino e substituto da mesma lista que foi seleccionado en convocatorias anteriores.

#### *Novena. Baremo*

En aplicación do que dispón o apartado décimo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e



substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (publicado por medio dunha Resolución do 28 de xuño de 2017 no *Diario Oficial de Galicia* do 11 de xullo), o baremo aplicable na valoración dos méritos será o que figura como anexo II da Orde do 7 21 de febreiro de 2019 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A), (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de marzo).

#### Décima. *Recursos*

Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez





*Corrección de erros á Resolución do 7 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de sistemas electrónicos e automáticos (590125) e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de equipos electrónicos (591202).*

Advertido erro na denominación da especialidade do corpo de profesores de ensino secundario, código 125, é necesario modificar a mesma. Onde dí: “*sistemas electrónicos e automáticos (590125)*” debe dicir: “*sistemas electrotécnicos e automáticos (590125)*”

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez





<b>PROCEDEMENTO</b>	<b>DOCUMENTO</b>
---------------------	------------------

*RESOLUCIÓN do 7 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de sistemas electrotécnicos e automáticos (590125) e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de equipos electrónicos (591202).*

**SOLICITUDE****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE****DATOS PERSOAIS**

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome	NIF/NIE/pasaporte
Nacionalidade	Data de nacemento	País de nacemento	Provincia de nacemento		Concello de nacemento

**ENDEREZO**

Tipo de vía	Nome da vía	Número	Bloque	Andar	Porta
Código Postal	Provincia	Concello		Localidade	

**DATOS DE CONTACTO**

Teléfono fixo	Teléfono móbil	Enderezo de correo electrónico
---------------	----------------	--------------------------------

**LISTA DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓN A QUE SOLICITA INCORPORARSE (Base Terceira.1 : obrigatorio presentar unha solicitude por cada especialidade)**

CORPO	ESPECIALIDADE
590-Profesores de ensino secundario	125- Sistemas electrotécnicos e automáticos
591-Profesores técnicos de Formación Profesional	202- Equipos electrónicos

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA COA SOLICITUDE****DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DA CONVOCATORIA, POR ESTA ORDE (marcar cun X)**

Copia da titulación alegada (base 2.1)	<input type="checkbox"/>
Copia da doc. acreditativa da formación pedagóxica (máster en formación do profesorado ou equivalente), de ser o caso (base 2.2)	<input type="checkbox"/>
Copia do DNI/NIE/pasaporte (base 2.3 e 2.4)	<input type="checkbox"/>
Copia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega (CELGA 4 ou equivalente), de ser o caso (base 2.5)	<input type="checkbox"/>
<b>OUTRA DOCUMENTACIÓN, POR ESTA ORDE (marcar cun X)</b>	
Copia da documentación acreditativa da discapacidade, de ser o caso (base 3.1)	<input type="checkbox"/>
Documentación xustificativa do aboamento das taxas (base 4)	<input type="checkbox"/>
Copia da documentación xustificativa da exención/bonificación do aboamento das taxas, de ser o caso (base 4)	<input type="checkbox"/>

De acordo co disposto na base 3 da convocatoria, as persoas solicitantes deberán achegar ademais o modelo de alegación de méritos, xunto cunha copia da documentación acreditativa daqueles méritos que aleguen susceptibles de valoración segundo o previsto na base novena, ordenada segundo establecido no modelo de alegación de méritos.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE**

Rúbrica
Lugar e data
, de de 2019

*RESOLUCIÓN do 7 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de sistemas electrotécnicos e automáticos (590125) e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de equipos electrónicos (591202).*

**DATOS PERSOAIS:**

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_

DNI/NIE: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Enderezo de correo electrónico: \_\_\_\_\_

**ALEGA:**

**para o obxecto de que lle sexan valorados** no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia:

CORPO	ESPECIALIDADE
590-Profesores de ensino secundario	125- Sistemas electrotécnicos e automáticos
591-Profesores técnicos de Formación Profesional	202- Equipos electrónicos

convocado por Resolución do 7 de maio de 2019 , da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, os méritos que relaciona a continuación e que xustifica documentalmete:

**I. Experiencia docente previa (Máximo 7 puntos)**

**IMPORTANTE:** Non será necesario presentar documentos xustificativos dos méritos das subepígrafes 1.1 e 1.2 cando os servizos fosen prestados en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

1.1. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo a que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas (0,700 puntos por ano)

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Documento xustificativo: Folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos ou, na súa falta, certificación do secretario ou secretaria do centro co visto e prace da dirección, na cal debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou copia deles en que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.

1.2. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos a que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes de administracións educativas (0,350 puntos por ano)

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Documento xustificativo: Folla de servizos certificada pola subdirección xeral de Recursos Humanos ou no seu defecto, certificación do secretario/a do centro co visto e prace da dirección, na cal debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou copia deles en que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.

1.3. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo a que opta a persoa aspirante, noutros centros (0,150 puntos por ano)

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Documento xustificativo: Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na cal conste a data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel educativo ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral.

1.4. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo a que opta a persoa aspirante, noutros centros (0,100 puntos por ano)

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Documento xustificativo: Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na cal conste data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral..

Enténdese por centros públicos os centros a que se refire o capítulo II do título IV da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas administracións educativas. Para os efectos desta epígrafe terase en conta un máximo de dez anos, cada un dos cales deberá ser avaliado nunha soa das subepígrafes anteriores.

\* Por cada mes súmanse as seguintes puntuacións: na epígrafe 1.1, 0,059 puntos; na epígrafe 1.2, 0,030 puntos; na epígrafe 1.3, 0,013 puntos; na epígrafe 1.4, 0,009 puntos.



## II.- Formación académica (Máximo 5 puntos)

2.1. Expediente académico no título alegado, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación exixido con carácter xeral para ingreso no corpo (doutoramento, licenciatura, enxeñaría ou arquitectura, para corpos docentes do subgrupo A1, ou diplomatura universitaria, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica para corpos docentes do subgrupo A2); valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica:

Escala de 0 a 10 puntos:

Desde 6,00 ata 7,50: 1,000 punto

Desde 7,51 ata 10: 1,500 puntos

Escala en créditos, de 1 a 4:

Desde 1,50 a 2,25: 1,000 punto

Desde 2,26 a 4: 1,500 puntos

Nota media	Puntos alegados	Documento xustificativo : Certificación académica persoal orixinal ou copia, na cal consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos exixidos para a obtención do título alegado, con indicación expresa da nota media..

2.2. Posgraos, doutoramentos e premios extraordinarios:

2.2.1. Polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados ou título oficial de máster (Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro; BOE do 30 de outubro), suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente sempre que non sexan requisito para o ingreso na función pública docente: 1,000 punto.

Puntos alegados	Documento xustificativo: Certificación académica ou copia do título ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).

2.2.2. Por posuír o título de doutoramento: 1,000 punto

Puntos alegados	Documento xustificativo : Certificación académica ou copia do título de doutoramento ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).

2.2.3. Por obter premio extraordinario no doutoramento:: 0,500 puntos

Puntos alegados	Documento xustificativo : copia deste documento

### 2.3. Outras titulacións universitarias:

As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o ingreso na función pública docente, valoraranse da forma seguinte:

2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo: Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: 1,000 punto.

Documento xustificativo: Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica en que se acredite a súa superación.

No caso de persoas aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A2, non se valorará por esta epígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que presente a persoa aspirante. No caso de persoas aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A1, non se valorará por esta epígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fosen necesarios superar para a obtención do primeiro título de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura que presente a persoa aspirante.

Titulación		Puntos alegados

2.3.2. Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 1,000 punto.

Documento xustificativo: Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao segundo ciclo, certificación académica en que se acredite a súa superación.

No caso de persoas aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, os estudos que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura que presente a persoa aspirante.

Valorarase nesta epígrafe posuír o título de grao.

Titulación		Puntos alegados

2.4. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional específica. A documentación xustificativa que deberá aportar será a Certificación académica ou copia do título alegado para ingreso no

corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).

a) Por cada título profesional de música ou danza: 0,500 puntos

Titulación	Puntos alegados

b) Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de escolas oficiais de idiomas: 0,500 puntos

Titulación	Puntos alegados

c) Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño: 0,200 puntos

Titulación	Puntos alegados

d) Por cada título de técnico superior de formación profesional: 0,200 puntos

Titulación	Puntos alegados

e) Por cada título de técnico superior deportivo superior: 0,200 puntos

Titulación	Puntos alegados

### III.- Outros méritos (Máximo 2 puntos)

3.1. Dominio de linguas estranxeiras

3.1.1. Nivel C2.

Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acredite un nivel de coñecemento de idiomas, expedido por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER): 1,20 puntos.

Certificado oficial	Puntos alegados

### 3.1.2. Nivel C1

Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acredite un nivel de coñecemento de idiomas, expedido por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER): 1,00 puntos.

Certificado oficial	Puntos alegados

### 3.1.3. Nivel B2:

Por cada título estranxeiro do nivel equivalente ao nivel B2 (nivel avanzado), sempre que non se acredite o título equivalente da escola oficial de idiomas da epígrafe 2.4.b) no mesmo idioma: 0,500 puntos por cada título

Título	Puntos alegados

Documentos xustificativos: Os méritos do apartado 3.1 acreditarase coa presentación dunha copia do título correspondente co certificado de acreditación dunha lingua estranxeira clasificado polo Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER).

3.2. Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo polo que se presente, ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou os órganos correspondentes doutras comunidades autónomas ou o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por institución sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades estean expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.

Documento xustificativo: Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase, ademais, acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.

Puntos alegados	Actividade

Puntos alegados	Actividade

3.3 Pola impartir as actividades de formación e perfeccionamento indicadas na subepígrafe 3.2. Puntuarase con 0,1 puntos por cada 5 horas. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto de horas inferiores a 5. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.

Documento xustificativo: Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase, ademais, acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.

Puntos alegados	Actividade